



## FICHA RESUME

Ano	2009	PE410A 2009/7-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE LAXE, CORME, CAMELLE E MALPICA	
Plan explotación <sup>(1)</sup>	POLIQUETOS	
Réxime <sup>(2)</sup>	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade <sup>(3)</sup>	A PE, MERGULLO EN APNEA E SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	<i>Lumbrineris impatiens</i>
Ambito do plan	Ámbitos das confrarias de Corme, Camelle, Malpica e Laxe
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
13	9	16
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>ver consideracións</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
1	4	5

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		<b>120 (do 16 de marzo ao 30 de outubro)</b>									
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A pé, mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agost	setem	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Topes de captura<sup>(6)</sup></b>											
<b>Especies</b>		<b>A pé (exemplares/mariscador/día)</b>				<b>Embarcacións (exemplares/mergullador/día)</b>					
<i>Lumbrineris impatiens</i>		800				800					

<b>Artes a empregar</b>	A pé: sachos, pa ou forquita. Mergullo en apnea ou con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Peiraos de Corme, Camelle, Malpica e Laxe
<b>Puntos de venda</b>	

<b>Outras consideracións</b>
<b>Ambito do plan:</b>
Nas zonas de produción non se diferencian os bancos que son a pé dos que son a flote, nin a nivel cartográfico nin de superficie. Polo que se descoñece a superficie total dos bancos que se queren a explotar neste plan conxunto, así como a superficie dos que son a pé dos de a flote.



A confraría de Camariñas non esta incluída no Plan conxunto e según a *Orde do 6 de febreiro de 1998 pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia*, no seu artigo 3º di “O Plan deberá contar co informe favorable das confrarías do ámbito territorial onde se vai desenvolver”. Polo que **é preciso presentar** a conformidade desta confraría, para a inclusión no ámbito do plan.

A zona das lagoas de Baldaio quedan excluídas do ámbito plan por existir xa aprobado un plan de poliquetos (*Arenicola marina*). Respecto a extracción nas illas Sisargas e dado que están incluídas dentro da Rede Natura a súa inclusión no plan queda supedita ao informe da Consellería de Medio Ambiente que aínda non foi recibido no momento da elaboración da presente ficha.

#### **Calendario de extracción:**

En tanto en canto non existan estudos que aconsellen outra cousa, estarase ao disposto no artigo 7º da Orde do 6 de febreiro de 1998, que establece unha veda entre o 1 de novembro e o 15 de marzo.

Para o ano 2009 quedan pendentes varias vacantes por renuncias, unha dun mariscador a pé en Corme e outro en Malpica e 4 embarcacións en Camelle. As confrarías fan unha proposta de substitucións dos permex de a pé por permex de a flote.

#### **Participantes:**

Na relación aportada no plan (anexo II) figuran 9 embarcacións e 16 mergulladores:

- : 1 mergullador enrolado + 1 vacante
- : 1 mergullador
- : 1 mergullador
- : non consta mergullador enrolado (2 vacantes)
- : 1 mergullador
- :1 mergullador + 1 vacante
- : 1 mergullador + 1 vacante
- : non consta mergullador enrolado (2 vacantes)
- : 3 mergulladores enrolados

**Cotas máximas de captura:** as cotas máximas de captura están en función dos mergulladores enrolados, a bordo e día ou no caso de a pé, por mariscador e día

#### **Cobertura de vacantes:**

No plan faise a proposta de facer substitucións de permisos a pé por permisos para embarcacións. Respecto a isto cabe recordar que os permisos a pé outórganse son persoais e intransferibles e que os permisos de explotación para embarcacións outórganse a nome da embarcación.



Segundo a información facilitada produciuse 1 baixa no número de mariscadores a pé e de 4 embarcacións e 5 mergulladores. Tendo en conta de que se trataría da cobertura das baixas producidas e que non é posible o traslado dos permisos a pé ás embarcacións, podería accederse á cobertura das vacantes do seguinte xeito:

- 1 permiso a pé
- 4 embarcacións e 5 mergulladores

Para a **selección dos candidatos** aplicarase a Resolución do 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños, pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos (para o caso das embarcacións) e a Resolución do 26 de decembro de 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifican os baremos aplicables para o acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé e para o permiso de explotación a pé para recursos específicos.

#### **Mergullo:**

Os mergulladores e presenta tarxeta con caducidade a 19/01/2009  
e ten a súa tarxeta con caducidade a 18/10/2009.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como **xefe de equipo**.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente (e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009.**

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificacións de aprobación polos órganos de goberno das distintas entidades participantes, así como a delegación na xestión administrativa deste á Confraría de Laxe
- Informe favorable da Confraría de Camariñas respecto a inclusión de parte do seu ámbito neste plan.
- Funcionamento e responsables dos puntos de control.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.

No Plan de explotación presentado detéctanse algunhas carencias que convén ter en conta para a mellora do plan:

- Non se presentan uns obxectivos económicos definidos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

- O tope de captura é de 800 individuos por mariscador ou mergullador e día. A forma de comercialización é por medidas (vasos de 178 ml de volume) e estas varían dunha confraría a outra. No apartado de observacións xerais do Plan, acóptase por unanimidade de todas as confrarías que 1 medida = 1 vaso =200 individuos =500 gr. Estas conversións non coinciden cós datos aportados polas confrarías anteriormente. Polo tanto para poder xestionar e controlar correctamente o recurso é imprescindible establecer unha medida de control estándar.
- Dada a distinta forma de explotación do recurso aconséllase que para o ano 2010 se presenten dous plans de explotación separados:un a pé e outro para embarcacións.